

DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

As organizacións sindicais **Comisións Obreiras e a Unión Xeral de Traballadores**, neste novo 8 de marzo, **Día Internacional das Mulleres**, reafirmamos o noso compromiso de combater todas as formas de discriminación e violencia contra as mulleres.

UXT e CCOO facemos un balance de 2015 moi negativo para a consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. O goberno do Estado e da Xunta de Galicia acumulan anos de retrocesos en dereitos, reformas laborais, políticas de austeridade e recortes sociais para a cidadanía, cun forte impacto na poboación feminina.

Neste ano 2016, a situación sociolaboral das mulleres segue sendo extraordinariamente precaria: maior segregación ocupacional, desemprego, crecente brecha salarial, persistencia do teito de cristal, intolerable violencia de xénero, déficits en conciliación e corresponsabilidade, brechas en pensións e protección social, etc. Estes factores evidencian a insuficiencia e ineficacia das políticas públicas para combater o grave problema da discriminación laboral e da violencia estrutural contra as mulleres.

CCOO e UXT denunciámos en 2015:

-  Os contratos temporais alcanzaron en Galicia o 92,61 % do total, mentres que os indefinidos, a tempo completo, apenas supuxeron o 4,62 %.
-  O incesante aumento de persoas desempregadas, das que 125.517 son mulleres, o que constitúe o 53,8 % do paro rexistrado.
-  A taxa de actividade das mulleres é do 48,7 % e a taxa de emprego do 39,0 %, o que representa unha brecha aproximada en relación cos homes de 10 e 9 puntos, respectivamente.
-  A diferenza entre os salarios medios anuais de mulleres e homes, segundo a última Enquisa de estrutura salarial, foi de 5.264,34 euros: o salario medio feminino foi o 76,6 % do masculino.

O incremento do número de mulleres con xornada a tempo parcial, no total do emprego feminino, pasa do 20,1 % en 2001 ao 23,1 %, tres puntos máis tras a reforma laboral do PP.

Nun ano marcado por unha nova lexislatura, o goberno —aínda non conformado— afrontará a imperiosa necesidade de acometer os cambios que conduzan a un modelo social máis xusto e democrático, que promova políticas económicas igualitarias, emprego de calidade, loita contra a pobreza, a desigualdade e a violencia de xénero.

CCOO E UXT ESIXÍMOSLLES AO NOVO GOBERNO E A TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS QUE LLES DEAN PRIORIDADE NAS SÚAS AXENDAS ÁS POLÍTICAS DE IGUALDADE MEDIANTE:

- O pulo ao diálogo social e a negociación colectiva para o desenvolvemento efectivo da normativa igualitaria, con políticas activas, plans e medidas de igualdade para o emprego de calidade das mulleres; combater as brechas de xénero; eliminar a violencia contra as mulleres; avanzar en conciliación e corresponsabilidade e ampliar a protección social.
- A mellora da resposta institucional na atención, protección e seguridade real das mulleres vítimas da violencia de xénero, mediante a efectiva colaboración, coordinación e implicación do conxunto das administracións públicas, ámbitos de actuación, organismos e distintos actores e axentes sociais implicados na prevención e erradicación desta eiva social.
- A reversión dos recortes e das reformas regresivas do anterior Executivo, que tiveron un grave impacto de xénero: a reforma laboral Lei 3/2012, a LOMCE (Lei orgánica para a mellora da calidade educativa) e a Lei orgánica 11/2015 (interrupción voluntaria do embarazo).
- O avance na toma de decisións das mulleres, con presenza paritaria en todos os órganos de representación e decisión das estruturas sociais e económicas da sociedade española, para combater a cultura patriarcal que segue promovendo a desigualdade no acceso ao poder de mulleres e homes.



de marzo. DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

- A efectividade da ampliación a catro semanas do permiso de paternidade, recollido na Lei 3/2007 de igualdade e regulado na Lei 9/2009, cuxa entrada en vigor volve atrasarse nos PXE de 2016.
- A garantía e fortalecemento dos servizos públicos, especialmente en educación, sanidade e servizos sociais, para impulsar un modelo educativo igualitario e garantir infraestruturas públicas de atención a menores —especialmente de 0 a 3 anos— e persoas maiores e dependentes.
- A formación e a sensibilización en materia de igualdade de oportunidades e contra a violencia cara ás mulleres, que favorezan os cambios necesarios nas actitudes e roles sociais adxudicados a mulleres e homes, e a eliminación de todas as formas de violencia contra as mulleres, incluído o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no ámbito laboral.

No ámbito europeo e internacional CCOO e UXT queremos salientar:

Valoramos as **recomendacións dirixidas a España polo Comité de Nacións Unidas para a Eliminación da Discriminación contra a Muller (CEDAW)**, que reflicten o retroceso en España en políticas de igualdade e instan o Goberno (PP) a facer esforzos para respectar os dereitos das mulleres, promover políticas de igualdade eficaces, aplicar accións positivas e combater a violencia contra as mulleres. Así mesmo, solicitamos a Nacións Unidas a aplicación da **Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable** e apoiamos a iniciativa da **ONU Mulleres «Por un Planeta 50-50 en 2030: Deamos o paso pola igualdade de xénero»**.

Seguimos esixíndolle ao Goberno español a ratificación do Convenio 189 da OIT, así como o cumprimento do Convenio do Consello de Europa (Istambul 2011) sobre prevención e loita contra a violencia sobre as mulleres.

Valoramos que a **OIT** incluíse na Conferencia internacional de 2018 o grave problema da violencia contra as mulleres para alcanzar unha acción normativa.

Esiximos maiores avances nos retos de igualdade europeos, por iso solicitamos maior transparencia na aprobación definitiva e o desenvolvemento eficaz da nova Estratexia de Igualdade de xénero 2016-2019 da CE.

Queremos denunciar a inacción e insolidariedade institucional e gobernamental de Europa ante o drama das persoas que foxen de países en conflito, buscan refuxio ou solicitan asilo, e o especial impacto que sofren as mulleres e as nenas, en moitos casos vítimas de abusos e violacións.

A SECRETARÍA DE IGUALDADE de UXT e a SECRETARÍA DE MULLER E IGUALDADE de CCOO chamamos á participación das traballadoras e os traballadores e da cidadanía na manifestación que se celebrará en Santiago de Compostela o día 6 de marzo, saíndo as 12 horas da estación do tren, para reiterarmos o noso compromiso coa consecución dunha sociedade máis igualitaria, xusta e democrática.

